



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1. E-mail: mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com
36995. Poio (Pontevedra).
Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SETENTA E UNHA REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E CATRO DE ABRIL DE DOUS MIL DOCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e catro de abril de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. María Alicia Martínez González, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Angel Moldes Martínez, D. Juan José Rodríguez Grandal, D. Alberto Villaverde Méndez, D^a. M^a del Mar Villaverde Rosales e D. Manuel Domínguez Álvarez; asiste como interventora acctal. D^a. Dolores Sartal Alvariñas e asiste como secretaria a do Concello, Paula Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3665.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 27 DE MARZO DE 2012 NÚMERO 470.- De conformidade co establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación da acta realizada en sesión ordinaria o día 27 de marzo de 2012 número 470 e non formulándose ningunha observación á acta de referencia esta queda aprobada por unanimidade de asistentes

3666- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta á corporación pola Secretaria presente na sesión do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “3658.- NOVO BORRADOR DO CONVENIO “NOVO ABASTECIMENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E A SÚA RÍA”.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Delegación de Acuanorte; 3659.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DO ENVÍO DA RELACIÓN CERTIFICADA DE TÓDALAS OBLIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS SEGUNDO O ESTABLECIDO NO REAL DECRETO LEXISLATIVO N° 4/2012 DE 24 DE FEBREIRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención para a realización dos trámites necesarios; 3660.-RATIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 10107 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN ORDINARIA 429 REALIZADA O 19 DE MARZO DE 2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo; 3661.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO B.N.G E P.S.O.E. RELATIVA Á PROTECCIÓN DAS PERSOAS AFECTADAS POLA COLOCACIÓN MASIVA DE PARTICIPACIÓNS PREFERENTES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Presidencia da Xunta de Galicia e á Presidencia do Goberno do Estado; 3662.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS

DO B.N.G. E P.S.O.E. DE APOIO Á FOLGA XERAL DO 29 DE MARZO EN CONTRA DA REFORMA LABORAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3663.- INTERVENCIÓN, EXP. 3/2012, EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3664- MOCIÓN URXENTE. RATIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 10132. DETERMINACIÓN SERVIZOS ESENCIAIS EMPRESAS CONCESIONARIAS DE SERVIZOS PÚBLICOS. CONVOCATORIA DE FOLGA XERAL 29 DE MARZO DE 2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ás empresas concesionarias dos servizo Aquagest PTFA, SA e CESP, para o seu coñecemento e efectos oportunos.”

A Corporación dáse por enterada.

3667.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que forman parte da orde do día e non formulándose observación ningunha a corporación dáse por enterada do contido das mesmas.

3668.- INTERVENCIÓN-TESOURERÍA, INFORME TRIMESTRAL RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta á Corporación do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Municipal Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión ordinaria realizada o 16 de abril de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta do informe de Tesourería e Intervención de data 31 de marzo de 2012 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade.

A interventora accidental municipal procede a explicar o contido do expediente manifestando que se presenta en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010: o apartado primeiro trata sobre a relación de facturas polas cales transcorreron mais de 3 meses da súa anotación no rexistro contable sen que se procedese ao recoñecemento das obrigas e o segundo, sobre o cumprimento dos prazos de pago previstos na Lei.

En conclusión as facturas aprobadas, que se atopan pendentes de abono por un prazo superior a 40 días (ata o día 20 de febreiro), tendo en conta a data de finalización do 1º trimestre natural (31/03/2012), alcanzan un importe de 234.206,21 euros.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local. A Comisión dáse por enterada.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes dáse por enterada do contido do informe conxunto emitido polo Tesoureiro Municipal e Interventora con data 31 de marzo de 2012 e acorda que se remita o devandito informe aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

3669.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN NA COTA DO ICIO PRESENTADA POR EMILIANA ESPERÓN SAMPAYO, EXP. 224/10 DE URBANISMO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta á Corporación do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Municipal Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión ordinaria realizada o 16 de abril de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta o expediente tramitado a instancia de Dª Emiliana Esperón Sampayo, exp. núm. 224/10 consistente en “arranxo hórreo no lugar de Avda. Da Cruz núm. 22 de

Combarro”, mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio solicitando a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras correspondente ao expediente núm. 224/10.

Consta no expediente informe favorable da interventora municipal de data 9 de abril de 2012.

A Comisión por unanimidade, de conformidade có sinalado no indicado precepto, acordou ditaminar favorablemente a declaración de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 224/10, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro e a aprobación da bonificación do 95% na cota do ICIO devengada.”

Non suscitándose debate ningún e sometido a votación ordinaria, ó abeiro do establecido nos arts. 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, por dezasete votos a favor dos membros presentes sendo este o número legal de membros o pleno adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 224/10, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro.

Segundo: Aprobar a bonificación do 95% na cota do ICIO devengada.

Terceiro: Dar traslado do expediente ao Departamento de Urbanismo, á Intervención Municipal e á interesada con indicación do réxime de recursos.

3670.- PATRIMONIO, DESAFECTACIÓN DA PARCELA DO CENTRO DE SAÚDE DE ANAFÁNS.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta á Corporación do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Municipal Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión ordinaria realizada o 16 de abril de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta do expediente, do escrito da Consellería de Sanidade sobre documentación a remitir para a cesión do centro de saúde de Anafáns ao Servizo Galego de Saúde lembrando a necesidade de proceder non só a cesión gratuíta do inmovible senón tamén a dos terreos, do informe da secretaria municipal de data 12 de abril de 2012 e da proposta da Alcaldía de data 13 de abril de 2012 que di o seguinte: “ O Concello de Poio procedeu mediante acordo adoptado con data 31 de xaneiro de 2012 a ceder gratuitamente en favor do Sergas o ben inmovible edificio dentro de saúde de titularidade municipal para o seu destino a centro de saúde sito en Cabanas-Anafáns sen que no posterior trámite de información pública se teña presentado reclamación ou alegación ningunha, sendo elevado o ata entón acordo inicial á categoría de definitivo.

Remitida a documentación xustificativa para a sinatura de Convenio entre a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde e o Concello de Poio sobre a asunción dos custos de mantemento do Centro de Saúde de Anafáns, a administración autonómica mediante comunicación de 14 de marzo de 2012, número rexistro de entrada 1498, lembra a necesidade de proceder non só a cesión gratuíta do inmovible senón tamén dos terreos.

Dando por tanto continuidade ao referido expediente, tendo en conta os informes incorporados ao mesmo, e o establecido no artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais por medio da presente eleva á consideración do Pleno previo ditame da Comisión informativa de facenda, gobernación e contas o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a alteración da calificación xurídica da parcela que se describe a continuación, de ben de servizo e dominio público a ben patrimonial ou de propios :

a) Denominación : SOBREIRA

b) Situación: rúa Cabanas do lugar de Anafáns.

c) Lindeiros segundo datos catastrais e levantamento topográfico aprobado pola Xunta de Goberno Local: norte, Concello de Poio; sur, R.A.A., R.L.M.; este, F.A.M., e oeste, Concello de Poio.

d) Superficie: mil novecentos cinco metros cadrados.

e) Características do inmovible: terreo adscrito a centro de saúde.

f) Referencia catastral: 7878729 NG2977N 0001 LO.

g) Inscripción rexistral: Concello de Poio, folio 165, Libro 220 do termo municipal de Poio, Tomo 1879 do Arquivo.

Segundo.- Someter o acordo de aprobación provisional a información pública durante un mes mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, para os efectos da consulta do expediente e presentación de cantas alegacións se estimen por convenientes. En caso de non ser presentada reclamación ningunha, o acordo ate entón provisional será elevado automaticamente á categoría de definitivo.

Terceiro.- Reflectir na rectificación anual do Libro Inventario de bens a alteración xurídica que sufriu o ben inmovible.

Cuarto.- Realizar acto formal de recepción do ben inmovible desafectado, de conformidade co art. 8.3º do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

Quinto.- Facultar ao Alcalde para a realización de todos aqueles trámites que sexa necesario desenvolver en execución do acordo adoptado”.

A Comisión, por unanimidade de asistentes, acordou dictaminar favorablemente dito expediente e que se sigan os trámites legais procedentes.”

Non suscitándose debate ningún e sometido a votación, ó abeiro do establecido nos arts. 22 e 47.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, por dezasete votos a favor dos membros presentes sendo este o número legal de membros o pleno adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a alteración da cualificación xurídica da parcela que se describe a continuación, de ben de servizo e dominio público a ben patrimonial ou de propios :

a) Denominación : SOBREIRA

b) Situación: rúa Cabanas do lugar de Anafáns.

c) Lindeiros segundo datos catastrais e levantamento topográfico aprobado pola Xunta de Goberno Local: norte, Concello de Poio; sur, R.A.A., R.L.M.; este, F.A.M., e oeste, Concello de Poio.

d) Superficie: mil novecentos cinco metros cadrados.

e) Características do inmovible: terreo adscrito a centro de saúde.

f) Referencia catastral: 7878729 NG2977N 0001 LO.

g) Inscripción rexistral: Concello de Poio, folio 165, Libro 220 do termo municipal de Poio, Tomo 1879 do Arquivo.

Segundo.- Someter o acordo de aprobación provisional a información pública durante un mes mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, para os efectos da consulta do expediente e presentación de cantas alegacións se estimen por convenientes. En caso de non ser presentada reclamación ningunha, o acordo ate entón provisional será elevado automaticamente á categoría de definitivo.

Terceiro.- Reflectir na rectificación anual do Libro Inventario de bens a alteración xurídica que sufriu o ben inmovible.

Cuarto.- Realizar acto formal de recepción do ben inmueble desafectado, de conformidade co art. 8.3º do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

Quinto.- Facultar ao Alcalde para a realización de todos aqueles trámites que sexa necesario desenvolver en execución do acordo adoptado.

3671.- MOCIÓN CONXUNTA DO PSOE E BNG, RELATIVA ÁS MEDIDAS RESPECTO DA SECA.- Pola Secretaria presenta na sesión dáse conta á Corporación do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Municipal Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión ordinaria realizada o 16 de abril de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta da moción conxunta dos grupos municipais do P.S.O.E.e B.N.G. de data 10 de abril de 2012 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 12 de abril de 2012 que, tras unha ampla exposición de motivos propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes acordos: “ Instar ao Goberno Galego a : 1º) Aprobar de xeito inmediato o Plan Especial de Actuación en Situacións de Alerta e Eventual Seca que sinala a lexislación do Plan Hidrolóxico Nacional, o borrador do Plan Hidrolóxico da Barcia Galicia-Costa e a demais lexislación comunitaria, estatal e autonómica. 2º) Adoptar as seguintes medidas para a actual situación de seca: a) Avaliar a situación actual de seca e as consecuencias sobre os distintos sectores da economía, medio ambiente e sobre a garantía de abastecemento de auga á poboación. b) Actuar con medidas de urxencia naqueles sistemas de abastecemento que poidan poñer en risco a garantía de auga para a poboación ao longo do ano. c) Evitar a sobreexplotación dos acuíferos que poidan estar xa danados pola seca. 3º) Poñer en marcha as axudas necesarias aos sectores productivos que están sufrindo as consecuencias da seca: agricultura, gandarías, viticultura e outros, incluíndo cando menos as seguintes: a) Implementar de xeito urxente axudas directas ás explotacións agrogandeiras polos danos causados pola seca, de xeito prioritario a través dun programa de subvencións que sexa autorizado polas institucións comunitarias facendo para iso as xestións políticas necesarias ou subsidiariamente chegando ao máximo permitido pola normativa comunitaria de mínimos. b) Arbitrar liñas de financiamento cunha carencia especial nos préstamos dos plans de mellora, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007/2013. c) Activar unha liña de préstamos brandos para o aprovisionamento de forraxes nas explotacións, para cubrir os déficits das persoas que se dedican á gandería e agricultura pola compra de forraxe. d) Instar ao goberno do Estado a establecer deducións e bonificacións fiscais e das cotizacións na seguridade social ás explotacións gandeiras afectadas pola seca. 4º) Implantar un programa de mobilización de terras agrarias que permita que as explotacións aumenten a súa base territorial, reforzando os medios desde a administración galega para intervir de xeito eficaz no mercado“.

O Sr. Barreiro Lubián di que a moción pretende anticiparnos, se se pode, aos danos que se ocasionen pola falta de precipitacións e que no verán vai ser máis acuciante. Aprobación de axudas para que as explotacións agrogandeiras poidan solventar a problemática do forraxe e a falta de auga.

O Sr. Moldes Martínez quere manifestar que para o grupo municipal do P.P. parécelles unhas medidas adecuadas pero teñen entendido que xa as están adoptando no Parlamento Europeo; en Ourense fixéronse algunhas mobilizacións co banco de terras e intentan facer concentracións parcelarias pero non hai vontade dos donos dos terreos.

O Sr. Barreiro Lubián hai que tomar medidas porque existen veigas a monte; habería que poñelas a producir e senon as utilizan que se metan nun banco de terras para poder garantir a quen necesite as terras para a súa utilización, serían medidas que se poderían forzar a tomarlas.

Noutras comunidades hai rebaixas de módulos, en Galicia non existen.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do P.P. acordou dictaminar favorablemente dita moción e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do BNG, Sra. Díaz Iglesias e explica que ante as circunstancias metereolóxicas excepcionais que se deron nos pasados meses, aínda que na actualidade está

resolto coas choivas, faise necesario solicitar da Xunta de Galicia que se tomen medidas de previsión ante futuras situacións similares para garantir o abastecemento de auga así como establecer unha liña de financiamento e axudas aos distintos sectores: viticultura, agricultura.... para paliar as perdas.

O Sr. Agís Gómez manifesta que pese a que se trata dunha situación excepcional en Galicia, coa seca que se deu os sectores da agricultura, viticultura.. víronse moi prexudicados tanto nas perdas que sufriron así como no sobre custe que tiveron que soportar, vemos necesario aprobar a moción para que pola Xunta de Galicia se teñan en conta estas situacións e se tomen as medidas necesarias para previr as súas consecuencias.

O Sr. Moldes Martínez manifesta que o Grupo Municipal do Partido Popular está de acordo co texto da moción e explica as medidas que se tomaron xa pola Xunta de Galicia e polo Ministerio de Agricultura, dunha liña de axudas para rebaixar o IRPF. Así como destacar o funcionamento do Plan de Protección Civil posto en marcha no ano 2002 polo PP e que se mantén en funcionamento desde entón.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións, sometido a votación ordinaria, ó abeiro do establecido nos arts. 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, por dezasete votos a favor (8 do grupo municipal do BNG, 2 do grupo municipal do PSOE e 7 votos do PP), o Pleno da Corporación acordou:

Primeiro.- Instar ao Goberno Galego a :

1º) Aprobar de xeito inmediato o Plan Especial de Actuación en Situacións de Alerta e Eventual Seca que sinala a lexislación do Plan Hidrolóxico Nacional, o borrador do Plan Hidrolóxico da Barcia Galicia-Costa e a demais lexislación comunitaria, estatal e autonómica.

2º) Adoptar as seguintes medidas para a actual situación de seca:

a) Avaliar a situación actual de seca e as consecuencias sobre os distintos sectores da economía, medio ambiente e sobre a garantía de abastecemento de auga á poboación.

b) Actuar con medidas de urxencia naqueles sistemas de abastecemento que poidan poñer en risco a garantía de auga para a poboación ao longo do ano.

c) Evitar a sobreexplotación dos acuíferos que poidan estar xa danados pola seca.

3º) Poñer en marcha as axudas necesarias aos sectores productivos que están sufrindo as consecuencias da seca: agricultura, gandaría, viticultura e outros, incluíndo cando menos as seguintes:

a) Implementar de xeito urxente axudas directas ás explotacións agrogandeiras polos danos causados pola seca, de xeito prioritario a través dun programa de subvencións que sexa autorizado polas institucións comunitarias facendo para iso as xestións políticas necesarias ou subsidiariamente chegando ao máximo permitido pola normativa comunitaria de minimís.

b) Arbitrar liñas de financiamento cunha carencia especial nos préstamos dos plans de mellora, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007/2013.

c) Activar unha liña de préstamos brandos para o aprovisionamento de forraxes nas explotacións, para cubrir os déficits das persoas que se dedican á gandaría e agricultura pola compra de forraxe.

d) Instar ao goberno do Estado a establecer deducións e bonificacións fiscais e das cotizacións na seguridade social ás explotacións gandeiras afectadas pola seca.

4º) Implantar un programa de mobilización de terras agrarias que permita que as explotacións aumenten a súa base territorial, reforzando os medios desde a administración galega para intervir de xeito eficaz no mercado

3672.- MOCIÓN CONXUNTA DO PSOE E BNG, RELATIVA AO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta á Corporación do expediente tramitado e do ditame

emitido pola Comisión Municipal Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado en sesión ordinaria realizada o 16 de abril de 2012 e que di o que segue: “Dáse conta da moción conxunta dos grupos municipais do B.N.G. E P.S.O.E. de data 11 de abril de 2012 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 12 de abril de 2012 que, tras unha ampla exposición de motivos propón ao Pleno da Corporación municipal: “ Instar á Xunta de Galiza: a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes. b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos. c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar. d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP”.

O Sr. Barreiro Lubián di que a normativa que regulaba o Servizo de Axuda no Fogar cambiou coa publicación do decreto 99/2012, do 16 de marzo, deixando no aire bastantes cousas e obrigará aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan.

O decreto abre a porta a que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos; queremos deixar claro cal é a situación antes de que se produza. Parécenos ilegal xa que entra en contradición coas competencias dos concellos en canto a Lei de Bases de Réxime Local.

O Sr. Moldes Martínez di que o grupo municipal do P.P. entende que a administración local soporta máis do que debería soportar. Hai concellos de menos de 20.000 habitantes que aínda que son gobernados polo P.P. tampouco están de acordo con estas medidas pero que a cobertura faraa a propia Deputación.

O Sr. Barreiro Lubián di que cre que non saben ao que andan. Son 3 organismos coa mesma competencia e teño as miñas dudas de que as Deputacións teñan capacidade para asumir esto.

O Sr. Moldes Martínez di que o grupo municipal do P.P. solicita que a tramitación sexa a mesma e que se remita á propia Deputación.

O Sr. Barreiro Lubián di que da Deputación non vai vir nada e aínda nos pide máis persoal; o decreto parece unha broma pesada e que non estamos de acordo con esto e non podemos calar.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 3 abstencións do P.P. acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do BNG a Sra. Díaz Iglesias explicando que a moción responde ao Decreto aprobado e publicado pola Xunta de Galicia en relación aos Servizos Sociais, que novamente se trata dun ataque directo ao estado de benestar e aos dereitos da cidadanía. A Xunta do PP fai deixadez nos Servizos Sociais e trasládalle as competencias aos Concellos, a través das Deputacións Provinciais. Estamos en total desacordo por iso pedimos a súa derogación, xa que se trata dun decreto que é contrario á lei, vai ser impugnado xudicialmente por varias administracións, así como solicitamos que se negocie un novo decreto a instancias da FEGAMP.

A voceira do Grupo Municipal Socialista a Sra. Besada Lores manifesta aos asistentes que o seu grupo está de acordo na súa derogación e que a Xunta asuma as súas competencias no marco da lei e non siga agravando aos/ás usuarias dos servizos sociais.

O Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular o Sr. Moldes Martínez manifesta que o seu grupo municipal está de acordo coa moción en todos os seus puntos agás no que se pide a derogación do decreto. É falso que a Administración da Xunta deixe de prestar o Servizo de Axuda no Fogar, soamente , o que se pode denominar como SAF básico é o que a Xunta traslada ás Deputacións Provinciais cando se trate dun Concello de menos de 20.000 habitantes e cando se trate do Servizo a Dependente, este seguirá sendo prestado pola Consellería.

A Concelleira Delegada de Benestar Social, a Sra. Salgueiro Piñeiro manifesta que si é certo da existencia desas liñas pero este Decreto non explica nada o único que establece son máis cargas aos Concellos, coa prestación de máis servizos e dotación de persoal, pero ao mesmo tempo non explica como debemos facer, non aclara as porcentaxes de participación das Deputacións e obríganos a cambiar o baremo da ordenanza municipal para a participación dos usuarios.

O Sr. Barreiro Lubián di que o único que se pretende é cargas as Deputacións con máis competencias, ou con esta, porque non serven para nada. Xa é complicado tramitar unha subvención cunha administración e será peor cando haxa outra administración polo medio. Realmente é un despropósito, porque das porcentaxes non se di nada, soamente que temos que aumentar o persoal, pero non o podemos facer, porque está prohibido polo Real Decreto que aprobaron en decembro. Cando Poio asumiu os servizos sociais a participación da administración autonómica era dun 70% e agora dun 30%, é dicir, máis carga de traballo e menos financiamento para os Concellos.

O Sr. Alcalde di que na actualidade estase tratando o tema das fusións dos Concellos, pero máis que este tipo de fusión o que habería que estudar era a prestación de servizos de maneira conxunta polos distintos concellos.

Unha vez rematada a quenda de deliberacións, sometido a votación ordinaria, ó abeiro do establecido nos arts. 22 e 47 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, por dez votos a favor (8 do grupo municipal do BNG e 2 do grupo municipal do PSOE), 7 votos en contra do PP e ningunha abstención, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza:

a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.

Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP.

3673.- URBANISMO, APROBACIÓN DEFINITIVA PLAN PARCIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE FRAGAMOREIRA.- De conformidade co establecido no artigo 21 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, auséntase do Salón de Sesións o Concelleiro do PP D. Javier Domínguez Lino e previa ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP, de conformidade co disposto no artigo 82.3º do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídicos das entidades locais toma a palabra a secretaria do concello para dar conta das actuacións máis destacadas e documentación obrante no expediente tras a presentación con data 18 de xaneiro de 2012, número rexistro de entrada 326, de copia en soporte dixital e formato pdf de documento refundido do Plan Parcial. Desta forma sometido a informe dos distintos técnicos e departamentos municipais, elévase á consideración da comisión informativa de urbanismo o 24 de abril de 2012 e que din o que segue:

Informe emitido polo Enxeñeiro Municipal, 13 de abril de 2012: "En fechas 23/12/2010 y 25/04/2011 el técnico que suscribe emitió informes sobre la documentación presentada en ese momento por Xestur Pontevedra sobre el Plan Parcial de Fragamoreira, en los que se hacía referencia a la conexión con las infraestructuras generales tanto de abastecimiento de aguas como de saneamiento.

Para definir estas dos conexiones se han mantenido varias reuniones con el equipo redactor de Xestur y con la empresa concesionaria de los servicios de saneamiento y abastecimiento de aguas, Aquagest, en las que se han tomado las siguientes decisiones:

Red de abastecimiento de agua:

En relación al depósito de aguas proyectado de 1.000 m³, próximo al depósito existente de Sartal, se contempla una nueva ubicación al inicio de la carretera de A Escusa, en terrenos pertenecientes a la Comunidad de Montes de San Xoán. Con esta ubicación, que tendría mayor cota que la prevista anteriormente en proyecto, se garantizaría el suministro de agua tanto al polígono de Fragamoreira como a núcleos de población del municipio que carecen de este servicio.

Así mismo se canalizará una tubería independiente desde el depósito de Albar hasta el nuevo depósito a construir. Desde el depósito se llevará una tubería de suministro hasta el polígono del parque empresarial, garantizando el suministro de agua.

Red de saneamiento:

En el proyecto constructivo se contemplará una red de saneamiento independiente desde el Polígono de Fragamoreira hasta el Pozo de Bombeo de Froiz, en Lourido. Con esta solución se garantiza el servicio tanto del Polígono como de las zonas adyacentes al mismo, sin congestionar el resto de la red del municipio.

De esta manera, se informa FAVORABLEMENTE el Plan Parcial del Parque Empresarial de Fragamoreira - Poio (Pontevedra). "

Informe emitido o 16/04/2012 polo Asesor Xurídico do Concello: " Visto o Plan Parcial do parque empresarial de A Fragamoreira – Poio (Pontevedra), promovido por el Instituto Galego de Vivenda e Solo e Xestur Pontevedra, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, e estudos complementarios, redactado por EPTISA, en xaneiro de 2011, e asinado por Héctor Varela Novoa (Enxeñeiro de Camiños, Canales e Portos), Alfonso Botana Castelo, (Arquitecto), e Ana Bértalo Pérez, (Arquitecta), cuio documento de aprobación definitiva foi entregado no Concello no ano 2012, así como o disposto na Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e a Lei 15/2004, que a modifica, e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, a Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre Avaliación dos Efectos de Determinados Plans e Programas no Medio Ambiente, a Lei 6/2007, de 11 de maio, de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia, e no Plan Xeral do Concello de Poio e o Convenio suscrito o 20 de abril de 2006 entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo, Xestur – Pontevedra e o Concello de Poio, teño a ben informar o seguinte:

Primeiro.- Na redacción definitiva do Plan Parcial do parque empresarial de Poio, entregado no Concello no ano 2012, consta dos seguintes documentos:

Tomo 1 de 4.

Doc. I.- Memoria xustificativa

Doc. II.- Ordenanzas reguladoras

Doc. III.- Plan de etapas

Doc. IV.- Avaliación económica

Tomo 2 de 4.

Doc. V.- Tramitación (Anexo I. **Contestación individualizada de alegacións primeira exposición pública** e Anexo II. **Contestación individualizada de alegacións segunda exposición pública**).

Tomo 3 de 4.

Doc. VI.- Planos de información (I)

Doc. VII.- Planos de ordenación (II) e proxecto (III)

Tomo 4 de 4.

Doc. VIII.- Informe de sustentabilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, estudo xeotécnico e estudo hidrolóxico.

Doc. IX.- Informe de consultas e memoria ambiental.

O texto entregado para aprobación definitiva, responde as aclaracións solicitadas polos técnicos municipais: Enxeñeiro municipal de 23 de decembro de 2010, Arquitecta municipal de 25 de abril de 2011; Enxeñeiro municipal de febreiro de 2011; da Técnica de Aperturas de 3 de maio de 2011, e desta Asesoría Xurídica de 10 de maio de 2011.

Segundo.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de abril de 2007, aprobouse inicialmente o Plan Parcial, publicándose anuncio no Doga do 7 de xullo de 2007, e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 17 de maio de 2007 e 2 de xullo de 2008 e no Faro o 19 de maio de 2007, notificándose o acordo ós propietarios que figuran no listado do Plan Parcial.

Durante esta primeira información pública presentáronse 168 alegacións, constando no Anexo I, do documento V Tramitación a contestación individualizada das alegacións presentadas durante esta primeira exposición pública, ou proponendo a estimación ou desestimación de cada unha delas, no seu caso.

Durante esta primeira información pública, tamén se solicitaron os correspondentes informes sectoriais, constando no documento remitido para información definitiva os informes emitidos pola Deputación Provincial de Pontevedra (o 20 de xuño de 2007), favorable con observacións; da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, Dirección Xeral de Obras Públicas, Subdirección Xeral de Estradas, de 13 de xullo de 2007, favorable con observacións e da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible de 16 de xullo de 2007, no que indica que o Plan Parcial deberá ser sometido ao procedemento integrado de Avaliación Ambiental Estratéxica e ser sometido posteriormente a unha nova aprobación inicial e a súa exposición pública.

Terceiro.- Como consecuencia das alegacións estimadas, así como das observacións contidas nos informes de carácter sectorial, e habéndose sometido o Plan Parcial ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE), foron introducidos unha serie de cambios no documento aprobado inicialmente, entregándose no Concello un novo documento refundido aos efectos de proceder a unha nova aprobación inicial de cara á presentación do Informe de Sustentabilidade Ambiental esixido polo procedemento de AAE.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 14 de abril de 2008, a Xunta de Goberno Local aprobou inicialmente o Plan Parcial incluíndo o Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA), someténdose a información pública no Doga de 30 de abril de 2008.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 26 de maio de 2008, aprobouse inicialmente o plano nº I.12B, que corresponde o título “Parcelario”, no que se reflicten as modificacións que sobre dito parcelario realizáronse froito das alegacións recibidas ó proxecto aprobado inicialmente no ano 2007, cuxo plano tivo entrada no rexistro xeral do Concello de Poio o 23 de maio de 2008, con número de rexistro: 2.806, a escala 1:1000, da Consultora “EPTISA, Grupo M.P.” e confeccionado por Alfonso Botana Castelo (Arquitecto), Héctor Varela Nova (Enxeñeiro de Camiños) e Paula Fernández Otero (Bióloga), dos promotores: Consellería de Vivenda e Solo, Xestur Pontevedra e Instituto Galego de Vivenda e Solo, publicándose tamén esta aprobación inicial no Doga de 6 de xuño de 2008.

Notificándose os dous acordos desta segunda aprobación inicial a tódolos propietarios que figuran no expediente, presentándose 106 alegacións constando no Anexo II, do documento V Tramitación á contestación individualizada das alegacións desta segunda exposición pública, proponendo a estimación ou desestimación de cada unha delas, no seu caso.

Durante esta segunda información pública, tamén se solicitaron os correspondentes informes sectoriais, constando no documento remitido para información definitiva os seguintes informes emitidos:

Deputación Provincial de Pontevedra (de 28 de xullo de 2008), en virtude do cal o equipo redactor propón a modificación da ordenación e o acceso principal do Plan Parcial, deseñando unha conexión directa cara a saída da vía rápida e outras modificacións que se indican en dito informe.

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (de 28 de maio de 2008) e como resultado do mesmo inclúese no documento do Plan Parcial a información solicitada modificando o acceso principal por un acceso directo á saída da vía rápida.

Consellería de Cultura e Deporte (de 11 de novembro de 2008), o informe é favorable, **pero informa que será necesario un control arqueolóxico, na execución das obras do Parque Empresarial.**

Deputación Provincial de Pontevedra (21 de outubro de 2008).

O informe é favorable, indicando que será necesario solicitar informe, no momento da redacción do proxecto de urbanización, para concretar detalladamente a conexión coa saída da vía rápida na estrada da Diputación.

e) Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (decembro de 2008), **o informe é favorable.**

f) Dirección Xeral de Infraestruturas (de 20 de abril de 2010), o informe é favorable.

g) Deputación Provincial de Pontevedra (de 26 de xullo de 2010), o informe é favorable.

h) Augas de Galicia (emitido o 1 de abril de 2008), o informe é favorable, coas observacións que se indican no mesmo.

Cuarto.- Por resolución da Alcaldía de 4 de xullo de 2008, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 9 de setembro de 2009, publicouse a relación de propietarios de parcelas afectadas polo Plan Parcial do Parque Empresarial de Poio ós que non se puido practicar a notificación dos acordos de aprobación do Plan Parcial, porque se descoñece o nome do titular da parcela afectada, por non atoparse o interesado no seu domicilio ou por descoñecerse o mesmo.

Quinto.- Constan no Plan Parcial entregado no Concello, que o plan foi sometido ó procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, conforme ó establecido na Lei 9/2006, de 28 de abril, que terminou coa memoria ambiental do Plan Parcial emitida polo órgano ambiental o 31 de agosto de 2009, incluíndose no Plan Parcial as recomendacións indicadas na memoria ambiental.

Sexto.- Tamén se inclúen no Plan Parcial que se pretende aprobar definitivamente as aclaracións e contestacións que o órgano promotor da ós informes emitidos polos técnicos municipais seguintes, Enxeñeiro municipal, Arquitecta municipal, segundo informe de Enxeñeiro municipal e da Técnica de Aperturas, polo que, deberán emitir novo informe sobre o novo Plan Parcial que se somete a aprobación definitiva.

Sétimo.- Tamén se inclúe no Plan Parcial que se pretende aprobar definitivamente as aclaracións e contestacións do promotor ó informe emitido por esta Asesoría Xurídica o 10 de maio de 2011, recibíndose tamén no Concello de Poio o informe emitido pola Dirección Xeral de Aviación Civil, do Ministerio de Fomento.

Por todo isto, esta Asesoría informa favorablemente a aprobación definitiva do Plan Parcial entregado ó Concello no ano 2012, podendo o pleno do Concello, por maioría simple, previos os informes dos técnicos municipais que sexan procedentes, e dictamen da Comisión Informativa de Urbanismo, adoptar o seguinte acordo:

1º.- Estimar ou desestimar, no seu caso, cada unha das alegacións presentadas, tanto durante a primeira información pública, como durante a segunda información pública, de conformidade coas propostas individualizadas que se conteñen nos anexos I e II, ó documento V, tramitación.

2º.- Aprobar definitivamente o Plan Parcial do Parque Empresarial de Poio (Pontevedra).

3º.- Comunicar este acordo ó promotor.

4º.- De conformidade cos artigos 70.2 da Lei 7/1985, e no 92 da Lei 9/2002, remitir este acordo á Administración Xeral do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma, e proceder á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia, e no Boletín Oficial da Provincia coa normativa e as ordenanzas do Plan Parcial.

5º.- Notificar igualmente este acordo, a tódolos propietarios incluídos no Plan Parcial, así como, trasladar o acordo e Plan Parcial aprobado a tódolos organismos sectoriais que interviron na tramitación do mesmo, para o seu coñecemento.”

A Comisión Informativa de Urbanismo en sesión realizada o 24 de abril de 2012, dáse por enterada dos informes emitidos.

A continuación, da conta aos membros corporativos da emisión de informe complementario con esta mesma data de secretaría en resposta á petición formulada pola arquitecto municipal en relación ao carácter vinculante do parcelario en orde á futura aprobación do proxecto de expropiación e do posible “proxecto de parcelación” e urbanización.

Así mesmo advirase aos asistentes da conversa mantida cos técnicos de Xestur Pontevedra, S.A. Unha vez advertida a ausencia do Documento IX Informe de consultas e memoria ambiental. Pese ao indicado por secretaría en relación ao disposto no art. 65 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o propio 24 de abril de 2012, número rexistro de entrada 2163, incorpórase ao expediente informe asinado por Héctor Varela Novoa, enxeñeiro de camiños, canais e portos que como integrante do equipo redactor do plan entre outros extremos sinala: “...PRIMEIRO.- que de conformidade co disposto na lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente e na Lei 9/2002, modificada pola 15/2010 del 28 de Decembro o documento IX de Informe de consultas e Memoria Ambiental reflectido no índice do Plan Parcial de Poio non é integrante da documentación requirida para a tramitación dun plan parcial, senón parte da tramitación do mesmo...”.

Máis advirte igualmente da omisión do denominado polo equipo redactor como Anexo II ao Documento V Tramitación, “Contestación individualizada de alegacións segunda exposición pública”, sen que por tanto a corporación poda ter en conta o informe do mesmo para os efectos de admitir, desestimar ou admitir parcialmente ditas alegacións e practicar en consecuencia as correspondentes notificacións aos propietarios interesados personados así no expediente. Engade ademais en resposta as preguntas formuladas, como afectaría á validez do acordo que se adoptase xunto coa omisión documental que por si mesmo supón se é incorporado con posterioridade.

En base ás consideracións realizadas pola secretaria municipal, ó abeiro do establecido no art. 92.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo voto favorable dos dezaseis membros presentes e unha abstención do concelleiro D. Javier Domínguez Lino, o Pleno acordou:

Primeiro.- Retirar o expediente correspondente á aprobación definitiva do Plan Parcial do Parque Empresarial de A Fragamoreira para os efectos de emendar as deficiencias advertidas en relación ao Anexo II ao

Documento V Tramitación, “Contestación individualizada de alegacións segunda exposición pública”, de forma que incorporada a documentación omitida poda ser convocada sesión extraordinaria deste órgano colexiado.

3674.- INTERVENCIÓN, DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO ECONÓMICO 2011.- Ao abeiro do sinalado no artigo 91.4º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por razón de urxencia, e por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP, dáse conta do expediente, da emisión de informe pola intervención municipal e da resolución de alcaldía pola que se presta aprobación á liquidación do orzamento xeral municipal de conformidade co disposto no artigo 191.3º do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei reguladora das facendas locais correspondente ao exercicio 2011 procedendo a secretaria a dar lectura ás seguintes magnitudes da mesma:

Que por Decreto da Alcaldía desta data aprobouse a Liquidación do Orzamento do exercicio económico 2011 que presenta o seguinte resumo:

Dereitos Recoñecidos Netos: 10.559.195,21€

Obrigas Recoñecidas Netas: 12.759.959,34€

Resultado Orzamentario antes de axustes (negativo): -2.200.764,13€

Axustes por desviacións positivas: 52.531,19€

Axustes por desviacións negativas: 1.828.530,06€

Axustes por obrigas financiadas con remanente para gastos xerais: 709.664,31

Resultado Orzamentario despois de axustes (positivo): 284.899,05€ Remanente de Tesourería para gastos xerais: 290.019,65

Aforro Neto (Positivo): 1.062.304,95€.

O Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes dáse por realizado o trámite .

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.- Non se producen

E non habendo máis asuntos que tratar non presentándose rogo nin pregunta ningunha, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte horas e trinta minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria, dou fe.